

**PREGUNTA DE AER RELATIVO AO ENTROIDO DE VERÁN.(Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349).**

PLENO 28 XUÑO DE 2017. ACTA 07/2017

“Aproxímase a época estival e con el, o Entroido de Verán. Esta actividade da que é máximo responsable o Concello de Redondela, ten constatado diversas carencias e mellorías recoñecibles por todos os aquí presentes.

**Por este motivo preguntamos, que cambios na xestión do Entroido de Verán ten en mente programar o goberno local para evitar os diversos problemas reiterativos ano tras ano neste evento e para mellorar a calidade cultural do evento?”**

*A sra Amoedo Dasilva resposta que nesta edición se aumentara o número de baños públicos pero considera inevitable que ao avanzar a noite non sexan utilizados. Asemade indica que se ampliaron as zonas valadas para evitar destrozos e haberá mais novidades pendente de materializarse. Non obstante clarexa que o incremento de persoas que concorren a este festa en cada edición fai cada vez máis complexo o dispositivo organizativo da mesma, co que o concello está mellorando e cambiando as rutinas neste senso.*